



EXCMO. CONCELLO  
DA  
ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 11 DE MAIO DE 2009

---Contrato: OBRAS DE "CONSTRUCCIÓN DE BEIRRARRÚAS NUN MARXE EN LAGARTÓNS".

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 11 DE MAIO DE 2009

-Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de "de "Construcción de beirrarrúas nun maxe en Lagartóns (obra do FEIL)".

-Visto que, dentro de prazo, unicamente presentou solicitude de participación CONSTRUCCIONES CONSTENLA-VEA SOCIEDAD LIMITADA.

-Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

-Tendo en conta que a oferta formulada polo licitador é conforme cos Pregos e a única presentada.

-Visto o informe da Tesourería municipal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda punto 1 da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

1º.-Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "Construcción de beirrarrúas nun marxe en Lagartóns (obra do FEIL)", por importe de 203.980,91 euros, a CONSTRUCCIONES CONSTENLA-VEA S.L., con arranxo ó Proxecto, os Pregos e á súa oferta.

2º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

---Copia dos contratos de traballo dos tres traballadores desempregados que o licitador se comprometeu a contratar na súa oferta. Deberá tratarse de traballadores desempregados a xornada completa cuxo contrato sexa indefinido, por obra ou servizo determinado (facéndose no contrato expresa mención a esta obra en concreto), ou de duración determinada, por un período de tempo igual ou superior ó prazo de execución do presente contrato administrativo de obras. Non poderá tratarse, polo tanto, de contratación a tempo parcial, nin de contratación baixo a modalidade de duración determinada, por una duración de tempo inferior ó prazo de execución da obra.

-Tarxeta de desemprego deses traballadores desempregados contratados (inmediatamente anterior a dita contratación).

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 5 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.-Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

A Estrada 11 de maio de 2009.  
O ALCALDE EN FUNCIONS,

Asdo. Manuel Sanmartín Obelleiro